

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 20 de maio de 2016

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de maio de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(474).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 6 de maio de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(475).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas remitidas polo Servizo de Asesoría Xurídica:

A) EXPTE. 9575/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 612/2015 PA. DEMANDANTE: M^a CONCEPCIÓN CARBALLO RODRÍGUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 9 DE OUTUBRO DE 2015. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA CAÍDA EN RÚA EN OBRAS O 19/11/2014. (EXPTE. 4610/243). DESESTIMADO O RECURSO.

B) EXPTE. 9632/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 67/2016 PA. DEMANDANTE: SHEREZADE MYRIAM MILETICH SÁNCHEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 24/09/2015 E 3/02/2016 (EN REPOSICIÓN).SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 148681511). DESESTIMADO O RECURSO.

C) EXPTE. 8549/111. SENTENZA DO X. DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO. PROCEDEMENTO: PO 233/2014 (RECLAMACIÓN DE CANTIDADES). DEMANDANTE: MARÍA ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. ESTIMADO PARCIALMENTE.

D) EXPTE. 9486/111. SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 557/2015 PA. DEMANDANTE: MARÍA MILAGROS CALVIÑO GROBA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 1.09.2015 (EN REPOSICIÓN). SANCIÓN TRÁFICO, (EXPTE.: 158621572) ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

E) EXPTE. 9647/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 86/2016 PA. DEMANDANTE: MARCO ANTONIO ROJAS VELARDE. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 23.11.2015 (XGL). AXUDAS EXTRAORDINARIAS-2015 (BASES XGL 30.12.2014). DESESTIMADO O RECURSO.

F) EXPTE. 9429/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 503/2015 PO. DEMANDANTE: LIMPIEZAS DEL NOROESTE. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 30.06.2015. SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE DÉBEDAS (SERVIZO LIMPEZA COLEXIOS PÚBLICOS 1.06.2006). EXPTE. 16827/332. DESESTIMADO O RECURSO.

G) EXPTE. 8744/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO SOCIAL, NO REC. SUPPLICACIÓN 4190/2015, INTERPOSTO CONTRA SENTENZA ESTIMATORIA PARCIAL DO X. DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 744/2014 PO. DEMANDANTE: JOSE LUIS AMOEDO MOREIRA. OBXECTO: DIFERENZA DE FUNCÍONS/RETRIBUCIÓN. RP EXPDTE 25422/220. DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

H) EXPTE. 9668/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 125/2016 PA. DEMANDANTE: D^a JOSEFA MÁRQUEZ VILA. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA (E EXPRESA DO 18/04/2016) RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA , CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

I) EXPTE. 9648/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 112/2016 PA. DEMANDANTE: EMILIO DE LA CUESTA MEDIERO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN DE REPOSICIÓN A DILIXENCIA DE EMBARGO. EXPEDIENTE: 24914/700. DESESTIMADO O RECURSO.

K) EXPTE. 8652/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 148/2014 PO. DEMANDANTE: ZUNFER S.A. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO ESCRITO DO 22.09.2009. RECLAMACIÓNS DE CANTIDADES POR OBRAS (VESTIARIOS "A BOUZA" E "CARBALLAL"). DESESTIMADO O RECURSO.

L) EXPTE. 9661/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 118/2016 PA. DEMANDANTE: FRANCISCO PRADO OTERO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, DANOS EN VEHÍCULO VARANDA RÚA COUTADAS. DESESTIMADO O RECURSO.

m) EXPTE. 8568/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO SOCIAL, NO REC. SUPLICACIÓN 3120/2015 INTERPOSTO CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO X.DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO, NO RC-A Nº 78/2014 PO. DEMANDANTE: GERARDO SÁNCHEZ VICENTE. OBXECTO: DIFERENCIA DE FUNCIONS (DE XEFE DE EQUIPO A CAPATAZ) PARQUES E XARDÍNS. DESESTIMADA A SUPLICACIÓN.

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(476).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DAS ÁREAS DEPORTIVAS, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 266/611.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 10/05/16 e de fiscalización do 13/05/16 e vista a Dilixencia do 12/05/16; dáse conta do informe-proposta do 06/05/16 do director técnico do Servizo Municipal dos Deportes conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"1.- Antecedentes.

Con data 28 de setembro de 2012 a Xunta Rectora do Instituto Municipal dos deportes aprobou o expediente 563/11 a través do procedemento negociado sen publicidade para

contratación dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do IMD.

A Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes , en sesión de data 15 de marzo de 2013 acordou, a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 4 de marzo de 2013 conformada polo Presidente do IMD, adxudicar a contratación definitiva dos servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do IMD, a Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales SL. (STAR) por un importe de 1.052.700,00 euros por tres anos.

Con data 29 de maio de dous mil trece asínase o contrato coa empresa Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales , S.L. (Star) CIF: B-36.813.517 para o desenvolvemento do servizo o cal se prestará dende o 1 de xuño de 2013 ata o 31 de maio de 2016.

Con data 26 de outubro de 2016 o pleno do Concello de Vigo acordou a modificación da modalidade de xestión dos servizos públicos de Educación (EMAO), Ocio e tempo libre (Vigo Zoo) e Deportes (Instituto Municipal de Deportes- IMD-), sendo o Concello de Vigo o que se subroga na totalidade das obrigacións do organismo, integrándose na súa totalidade na estrutura municipal.

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma , indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución**, recóllese que “ o contrato poderá ser prorrogado por dúas anualidades renovables ano a ano sempre que medie acordo expreso do órgano de contratación, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses a data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas”.

A empresa que presta o servizo, Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales , S.L. (Star) CIF: B-36.813.517, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales , S.L.” (Star) CIF: B-36.813.517, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo

os traballos dacordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a:

Os procedementos de control de limpeza : follas de control e seguimento diario dos traballos de limpeza en cada instalación, resumen mensual das inspeccións visuais nas que se valora o nivel de limpeza en cada instalación, caixas de suxerencias e enquisas do nivel de limpeza polo usuarios nas instalacións principais, informes mensuais de horas executadas en relación as horas contratadas, a estrutura organizativa de persoal e de seguimento dos traballos así coma as reunións de traballo entre a empresa e o servizo así coma a aplicación dos produtos e maquinaria axeitados para o desenvolvemento dos traballos.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

Desenvolvemento das tarefas do servizo: realízanse de acordo o programa presentado, realizando as mesmas segundo o programado, como limpeza de vidros.

O prezo do contrato: atópase dentro dos prezos de mercado e tendo en conta o convenio colectivo provincial do sector .

4- Prezo anual do contrato

A anualidade do contrato é de 290.000,00 euros sen IVE, sendo o IVE de 60.900,00 euros, o que fai un importe total anualidade de 350.900,00 euros.

5.-Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo a aplicación orzamentaria 3420.2270000 do presuposto vixente. Ao afectar a dúas anualidades a distribución é a seguinte.

Ano 2016 período de 1 xuño a 31 decembro: 204.691,65 euros.

Ano 2017 período 1 de xaneiro a 31 de maio:146.208,35 euros.

Total :350.900,00 euros.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de maio, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a prórroga do contrato dos servizos "limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. " En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Aprobar a prórroga dun ANO do contrato para a prestación dos servizos de "limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas" a empresa Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (Star) CIF: B-36.813.517.

O importe total da prórroga é de 350.900,00 euros, para o período dende o 1 de xuño de 2016 ata o 31 de maio de 2017, coa seguinte distribución orzamentaria: **ano 2016 período de 1 de xuño a 31 de decembro 204.691,65 euros e ano 2017 período dende o 1 de xaneiro a 31 de maio:146.208,35 euros** con cargo a partida 3420.2270000 do orzamento vixente.

Segundo: Notificar o presente acordo a empresa Sociedad para el Tratamiento de Aguas Residuales , S.L. (Star) CIF: B-36.813.517, a prórroga do contrato dende o 1 de xuño de 2016 ata o 31 de maio de 2017, nos termos establecidos nos art. 58 e 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LXAP e PAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(477).- PROPOSTA DE AXUSTE DE ANUALIDADES PARA O CONTRATO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ÚTIL E O MANTEMENTO CON GARANTÍA TOTAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO IMD. EXPTE. 3774/11.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05.05.16, do director deportivo-xefe da Unidade técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e fiscalizado polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de marzo de 2016, acordou a adxudicación do contrato do subministro de enerxía útil e o mantemento con garantía total das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do IMD. Expte. 3774/11. A favor da mercantil “Gas Natural Servicios SDG, S.A.”, por un prezo de 240.706,10 euros, e os seguintes prezos unitarios relacionados

O valor porcentual de 21,54 coma porcentaxe de desconto para o Prezo da enerxía térmica útil (€/kW h) a facturar.

Un prezo máximo para o Custe fixo por instalación para o mantemento con garantía total o de 28.000 (euros ano) o cal atópase desglosado por instalación de acordo o seguinte cadro:

<i>Instalación</i>	<i>Custes fixos Garantía total (c/ive)</i>
1.- Ximnasio do Carme	3.409,00 €
2.- Piscina de Lavadores	3.409,00 €
3.- Piscina de Travesas	3.409,00 €
4.- Pavillón do Berbes	3.409,00 €
5.- Piscina de Valadares	3.409,00 €
6.- Piscina de Teis	3.409,00 €
7.- Pavillón de Navia	4.348,00 €
8.- Pavillón de Candean	3.176,00 €
Total:	27.978,00 €

Un valor porcentual de 50 coma porcentaxe de desconto para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas, de acordo coas condicións determinadas no PPTP.

O gasto relativo a este contrato correspóndese coa aplicación orzamentaria: 3420.2210200 "Gas", coa seguinte previsión inicial no PCAP para a licitación:

<i>Anualidades</i>		<i>Sen IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>Con IVE</i>
<i>2015</i>	<i>Variable</i>	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
	<i>Fixo</i>	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €
	<i>Total 2015</i>	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
<i>2016</i>	<i>Variable</i>	156.000,00 €	32.760,00 €	188.760,00 €
	<i>Fixo</i>	37.930,66 €	7.965,44 €	45.896,10 €
	<i>Total 2016</i>	193.930,66 €	40.725,44 €	234.656,10 €
<i>Totais</i>		198.930,66 €	41.775,44 €	240.706,10 €

Con data 16 de marzo de 2016, formalizouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil Gas Natural Servicios SDG, SA., establecendo como prazo do contrato o período comprendido entre o 16 de marzo de 2016 e o 31 de agosto de 2016.

A vista do establecemento definitivo do prazo do contrato e tendo en conta que na fase de fiscalización da proposta de adxudicación o propio informe da Intervención Xeral recolle que "A falta doutra información procedese por esta Intervención á contabilización co nº operación 201600023300 da autorización do gasto imputable ao presente exercicio orzamentario, conforme a estimación inicial, por importe de 234.656,10 euros.

Polo demais, recordar que o servizo xestor deberá remitir de novo o expediente a esta Intervención, unha vez formalizado o contrato, e concretar definitivamente o gasto imputable ao vixente exercicio 2016, tendo en conta que, unha vez formalizado o presente contrato, ou seu remate está previsto para o próximo 31 de agosto de 2016, sen que o PCAP contemple a posibilidade de prórroga ningunha."

Procede a solicitude do correspondente axuste da anualidade prevista inicialmente para o ano 2016 de acordo cos seguintes datos:

- Período inicial do contrato; do 26 de decembro de 2015 o 31 de agosto de 2016, (249 días)*
- Período real do contrato: do 16 de marzo de 2015 o 31 de agosto de 2016, (169 días) o cal representa un 67,87 % do tempo previsto inicialmente para o contrato.*

Polo cal o axuste da anualidade deberá responde os seguintes importes:

a.- Parte fixa do contrato con garantía total (IVE incluído)

Instalación	Custes fixos Garantía total	Custe aluguer	Termo fixo	Para o período completo	Aplicación do axuste ao 67,87%
1.- Ximnasio do Carmen	3.409,00 €	46,98 €	783,79 €	4.239,77 €	2.877,53 €
2.- Piscina de Lavadores	3.409,00 €	186,12 €	783,79 €	4.378,91 €	2.971,97 €
3.- Piscina de Travesas	3.409,00 €	91,11 €	783,79 €	4.283,90 €	2.907,48 €
4.- Pavillón do Berbes	3.409,00 €	91,11 €	783,79 €	4.283,90 €	2.907,48 €
5.- Piscina de Valadares	3.409,00 €	91,11 €	783,79 €	4.283,90 €	2.907,48 €
6.- Piscina de Teis	3.409,00 €	46,98 €	783,79 €	4.239,77 €	2.877,53 €
7.- Pavillón de Navia	4.348,00 €	186,12 €	783,79 €	5.317,91 €	3.609,27 €
8.- Pavillón de Candean	3.176,00 €	46,98 €	56,05 €	3.279,03 €	2.225,48 €
	27.978,00 €	650,02 €	4.580,64 €	34.307,11 €	23.284,24 €

b.- Parte variable do contrato en relación o consumo da enerxía térmica útil:

A facturación máxima contemplada para a totalidade do período inicial do contrato; do 26 de decembro de 2015 ao 31 de agosto de 2016, establécese no PCAP en 193.600,00 € (IVE incluído), polo cal a estimación do axuste do 67,87 % en relación o novo período é de 131.396,32 € (IVE incluído)

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o axuste das anualidades correspondentes ao contrato asinado con data 16 de marzo de 2016, entre o Concello de Vigo e a mercantil Gas Natural Servicios SDG, SA., para o subministro da enerxía útil e o mantemento con garantía total das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do IMD. Expte. 3774/11, polo período comprendido entre o 16 de marzo de 2016 e o 31 de agosto de 2016, pasando da autorización inicial do gasto imputable ao exercicio 2016 por un importe de 234.656,10 euros (nº operación 201600023300) na aplicación orzamentaria: 3420.2210200 "Gas" o seguinte axuste:

- Axuste de anualidade para o período real, derivada da formalización do contrato: 154.680,56 €, a cal terá a seguinte distribución en relación a parte fixa e variable do contrato:

Parte fixa:

Instalación	Custes fixos Garantía total	Custe aluguer	Termo fixo
1.- Ximnasio do Carmen	2.313,69 €	31,89 €	531,96 €
2.- Piscina de Lavadores	2.313,69 €	126,32 €	531,96 €

3.- Piscina de Travesas	2.313,69 €	61,84 €	531,96 €
4.- Pavillón do Berbes	2.313,69 €	61,84 €	531,96 €
5.- Piscina de Valadares	2.313,69 €	61,84 €	531,96 €
6.- Piscina de Teis	2.313,69 €	31,89 €	531,96 €
7.- Pavillón de Navia	2.950,99 €	126,32 €	531,96 €
8.- Pavillón de Candean	2.155,55 €	31,89 €	38,04 €
	18.988,67 €	533,82 €	3.761,75 €
	<i>Importe máximo (IVE incluído)</i>		23.284,24 €

Parte variable: (IVE incluído) **131.396,32 €**

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(478).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “BALONMÁN NA RÚA” O 17 DE MAIO DE 2016. EXPTE. 15042/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.04.16 e o informe de fiscalización do 13.05.16, dáse conta do informe-proposta do 22.04.16, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delgado de Deportes, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Balonmán ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do evento de promoción do balonmán “Balonmán na Rúa” que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016.

A Federación Galega de Balonmán, é unha entidade privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros e outros colectivos dedicados, según o establecido no art. 2 dos seus estatutos, á práctica do balonmán.

O obxecto social da Federación, según o que se detalla no art. 4 dos seus estatutos é promover, dirixir e ordenar en Galicia as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

En liña co cumprimento dos seus obxectivos máis xenéricos, atopámonos que entre as competencias que a entidade ten outorgadas según a lexislación vixente, a Federación colaborará coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.

Unha actuación moi relevante que a Federación Galega de Balonmán dinamiza anualmente en relación ó fomento e promoción do balonmán en xeral, e en concreto o balonmán de base é a organización do evento “Balonmán na Rúa”, que este ano elixiu a cidade de Vigo como sede para o vindeiro día 17 de maio de 2016.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do balonmán de base a nivel provincial, xa que nela participarán un elevadísimo número de escolas e clubs de toda a provincia de Pontevedra, outorgando ademais á competición un enorme valor competitivo.

Na competición participarán máis de ao redor de 1.500 xóvenes balonmanistas nas diferentes categorías, e se estima que máis de 3.000 persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afición a este deporte.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 6.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do evento de promoción “Balonmán na Rúa” o vindeiro 17 de maio de 2016.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como o Balonmán na Rúa, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Federación Galega de Balonmán, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 6.000,00€ ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización da dito evento que se celebrará na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de Balonmán, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas

urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do proxecto de promoción do balonmán “Balonmán na Rúa” que se ten previsto celebrar o vindeiro 17 de maio de 2016.

A Federación Galega de Balonmán non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15042/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Balonmán, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS*

os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do proxecto deportivo de promoción do balonmán “Balonmán na Rúa” que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de Balonmán presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo “Balonmán na Rúa” e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Balonmán das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 2. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 3. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 4. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da Federación Galega de Balonmán, co CIF: G36690832, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto de promoción do balonmán "Balonmán na rúa" que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

- a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción do balonmán "Balonmán na rúa" que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Balonmán é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Federación Galega de Balonmán non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15042/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
 - Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
 - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
 - Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
5. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 6. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

7. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 6.000,00 € a favor da Federación Galega de Balonmán, co CIF: G36690832, con enderezo social na Rúa Fotógrafo Luis Kasado, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Proxecto deportivo Balonmán na Rúa que se vai celebrar na cidade de Vigo o 17 de maio de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(479).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO PARA PERSOAS MAIORES “CACHIBOL” NO ANO 2016. EXPTE. 14995/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.04.16 e o informe de fiscalización do 10.05.16, dáse conta do informe-proposta do 12.04.16, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delgado de Deportes, e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da entidade Agrupación Deportiva Xogara polo desenvolvemento do seu proxecto de dinamización dun programa de actividade física para persoas maiores a través do cachibol na cidade de Vigo no ano 2016.

A Agrupación Deportiva Xogara, dinamiza un programa de actividade físico-deportiva encamiñado a atender as demandas do colectivo de persoas maiores de Vigo co obxectivo básico de colaborar no proceso dun envellecemento activo, que resitúe a este sector da cidadanía no establecemento de novas metas vitais.

Este programa pretende crear un entorno de participación activa que favoreza un mantemento e mellora das condicións de vida do colectivo de persoas maiores a través dunha actividade físico-deportiva moi concreta, o cachibol.

“A Organización Mundial da Saúde” define o envellecemento activo como o proceso no cal se optimizan as oportunidades de saúde, participación e seguridade a fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen. O envellecemento activo permite que as persoas realicen o seu potencial de benestar físico, social e céntrase nas persoas maiores e na importancia de dar unha imaxe pública positiva deste colectivo.

O envellecemento activo a través da actividade físico-deportiva pretende mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen, favorecendo as súas oportunidades de desenvolvemento para unha vida saudable, participativa e segura. O envellecemento activo implica entender esta etapa da vida como un ciclo máis de crecemento persoal, engadindo "vida aos anos e non soamente anos á vida".

Para o desenvolvemento destes principios, a Agrupación Deportiva Xogara dinamiza o Programa de Cachibol para persoas maiores da cidade de Vigo”, que aporta a este colectivo numerosos beneficios:

Beneficios máis importantes:

- De carácter preventivo. A súa práctica favorece a diminución das patoloxías comúns a este grupo de poboación, favorecendo a diminución da obesidade, reducindo atrofas así como a velocidade de descalcificación, mellorando a contracción cardíaca, a mobilidade articular, reforzando a actividade intelectual e é un bo medio para potenciar a integración social e a ocupación racional do tempo libre.*
- A saúde non só é ausencia de enfermidade senón algo máis activo e que depende cada vez máis dos individuos (os seus coñecementos e hábitos de vida) que dos sistemas médico- sanitarios.*
- Influencia positiva no comportamento das persoas, contribuíndo a mellorar os niveis de vida ante situacións de tensións, ansiedade, alteracións emocionais, frustracións etc.*
- Mellora das condicións psíquicas e sociais, motivación, autoconfianza, actitudes ante as aprendizaxes...*

Obxectivos do programa

Obxectivos xerais

- *Estimular o interese e a motivación de face á práctica motriz como un hábito de vida saudable, favorecedora de relacións interpersoais, así como do gozar do tempo libre.*
- *Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual e sistemática de actividade física no desenvolvemento persoal, e que favorezan a súa independencia e autonomía, evitando o seu illamento e inactividade.*

Obxectivo específicos

- *Físico Motrices*
 - *Desenvolvemento e mantemento das capacidades*
 - *Condicionais: Resistencia de base, forza, mobilidade, articular e elasticidade muscular.*
 - *Coordinativas: Ritmo, fluidez, precisión e amplitude de determinados movementos.*
 - *Desenvolvemento e mantemento das principais capacidades perceptivo-motrices*
 - *Percepción exteroceptiva (visual, auditiva e táctil).*
 - *Cinestesia: Equilibracións, lateralidad, orientación espacial, orientación espazo-temporal.*
 - *Prevenición das doenzas dexenerativas e de hábitos de conduta para aumentar o nivel e a calidade de vida: Minorar as dores crónicas osteoarticulares, incrementar a capacidade ventilatoria sen provocar tensión cardiovascular entre outras.*
- *Recreativos*
 - *Facer de cada unha das sesións unha actividade lúdica e de divertimento.*
 - *Procurar que as persoas participantes esquezan as tensións cotiás, nun marco non habitual e con actividades distintas ás normais.*
- *Socio- Afectivos*
 - *Potenciar a convivencia e a relación social positiva.*
 - *Coñecer, valorar e mellorar a dispoñibilidade corporal en función da autoestima e aceptación do proceso de envellecemento.*
 - *Aumentar a concentración e a memoria.*
 - *Saber relacionarse a través dos xogos e os deportes, de forma lúdica e como práctica social, non como un concepto de rivalidade, nin en termos de éxito ou fracaso.*
 - *Adaptarse ás novas estruturas da sociedade actual.*

O cachibol, é unha actividade física cunha estrutura similar á do voleibol, pero coas adaptacións suficientes e necesarias que permiten a persoas maiores participar coas características propias deste colectivo.

A Agrupación Deportiva Xogara desenvolve o seu proxecto de actividade físico-deportiva ó longo do ano 2016 en distintas zonas da cidade de Vigo (San Andrés de Comesaña, Coruxo, Travesía de Vigo, Lavadores, Valadares, Teis e Calvario). Estes sete grupos de actividade desenvolven a actividade nunha sesión semanal en espazos vinculados a asociacións, centros educativos e instalacións deportivas municipais. Esta actividade semanal se complementa co desenvolvemento de partidos os sábados pola mañá, co obxectivo básico de in-

crementar a participación interactiva entre as persoas dos diferentes grupos, fomentar a socialización e motivar ás persoas participantes.

A Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un programa de cachibol na cidade de Vigo, polo que o Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción da actividade física entre as persoas maiores na cidade de Vigo. Polo cal proponse a adxudicación dunha subvención a favor da Agrupación Deportiva Xogara ao obxecto de colaborar na financiación dos gastos xerados pola dinamización de dito programa.

As actuacións desta adxudicación de subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Agrupación Deportiva Xogara co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte-saúde na cidade de Vigo orientado a colectivos especiais.*

- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

A Agrupación Deportiva Xogara non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14995/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Xogara, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto de cachibol para persoas maiores na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Agrupación Deportiva Xogara é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á propia actividade desta agrupación e en particular o desenvolvemento do programa de Cachibol para persoas maiores no ano 2016.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Deportiva Xogara presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Xogara das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobou o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención, e co presente Informe-Proposta queda xustificado o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

- *En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva para persoas maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2016.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00 € a favor da Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033 , con enderezo social na Rúa Padre Celso, 6, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención en base ó convenio para o desenvolvemento e dinamización dun programa de Actividade físico-deportiva orientada a persoas maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo no ano 2016.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA PARA PERSOAS MAIORES A TRAVÉS DO CACHIBOL NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2016.

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra, dona María Soledad Ovalle Orallo con DNI: 36054751C, como presidenta da entidade Agrupación Deportiva Xogara, co CIF: G-36655033 , con enderezo social na Rúa Padre Celso, 6, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do presente expediente.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Agrupación Deportiva Xogara foi constituída en Vigo o 15 de decembro de 1987, sendo unha asociación privada con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro e con capacidade de obrar autónomamente.

Esta Entidade, ao amparo do establecido no artigo 2 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, facilitar a persoas de todas as idades os medios para a realización de actividades deportivas, ofertar a posibilidade de organizar todo tipo de eventos deportivos con carácter participativo, e non só competitivo, introducindo en España o deporte do Cachibol para persoas maiores de 50 anos, ofertar escolas deportivas, colaborar con organismos oficiais na organización de eventos deportivos de carácter formativo e recreativo...

Neste sentido, a Agrupación Deportiva Xogara desenvolve na cidade de Vigo un programa de dinamización da Actividad Física para persoas maiores a través da práctica do cachibol, orientada fundamentalmente a maiores de 50 anos.

II.- O programa que presenta a Agrupación Deportiva Xogara dentro do obxecto deste expediente de subvención, pretende crear un entorno de participación activa que favoreza un mantemento e mellora das condicións de vida do colectivo de persoas maiores a través dunha actividade físico-deportiva moi concreta, o cachibol, e colaborar no proceso dun envellecemento activo, que resitúe a este sector da cidadanía no establecemento de novas metas vitais.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Contribuir a que calquera os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte-saúde.*
- Conseguir que o colectivo de persoas maiores da cidade de Vigo, contén cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva orientada á saúde no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do programa de actividade física para persoas maiores a través do desenvolvemento dun proxecto de cachibol.

VI.- Que a Agrupación Deportiva Xogara non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Agrupación Deportiva Xogara, o

Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade Agrupación Deportiva Xogara comprométese a colaborar coa Concillería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.- Desenvolver a actuación principal da entidade nun proxecto xeral de Actividade Física para a terceira idade a través do Cachibol en Vigo ó longo do ano 2016.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concillería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Agrupación Deportiva Xogara, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da entidade Agrupación Deportiva Xogara (revista, web, etc).

3º.- Conceder á Agrupación Deportiva Xogara unha subvención polo importe de 6.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Programa de A.F. Para maiores a través do Cachibol" a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión do dito programa en Vigo ó longo do ano 2016. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o día 15 de decembro de 2016. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de decembro como prazo máximo para proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

*O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez*

*A Presidenta da Agrupación Deportiva Xogara
Asdo. María Soledad Ovalle Orallo*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(480).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB DEPORTIVO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO “CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL 7 DE CORPOS DE SEGURIDADE, EMERXENCIAS E FORZAS ARMADAS” E INTERNATIONAL EUROPOLICE. EXPTE. 15036/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.16 e o informe de fiscalización do 16.05.16, dáse conta do informe-proposta do 20.04.16, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delgado de Deportes, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor do Club Deportivo da Policía Local de Vigo polo desenvolvemento do seu proxecto de participación no Cto. de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que vai ter lugar no mes de maio e no Cto. Intnal Europolice a celebrar en Huelva.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos estatutos da entidade, atopamos que practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, así como atletismo, boxeo, petanca e pádel, entre outras.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade, como parte do seu proxecto de actividade anual, promove e dinamiza a participación dunha representación da policía Local de Vigo no Campionato de España de Fútbol-7 para Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que se vai celebrar en Mallorca, e no Cto. Intnal. Europolice na cidade de Huelva.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, única entidade da cidade que desenvolve un proxecto como este, de gran nivel de participación e de ámbito nacional vai representar ó Concello de Vigo, no Campionato de España de Fútbol-7 para corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas. Neste campionato participarán equipos representantes de entre 20 e 25 cidades de toda España, e converterase, durante a súa celebración no foco de atención da modalidade a nivel nacional no seu ámbito, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión, xa que no campionato participarán os mellores equipos da modalidade a nivel nacional.

Da mesma forma, o proxecto contempla a participación da entidade no Cto. Internacional Europolice no mes de xuño na cidade de Huelva, no que se darán cita os e as mellores deportistas de forzas de seguridade a nivel Europeo, sendo un dos eventos deportivos máis destacados anualmente no ámbito da actividade deportiva orientada a colectivos policiais.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización da actividade físico-deportiva na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á participación do Club Deportivo da Policía Local no Campionato de España de Fútbol-7 para corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas e no Cto. Intnal Europolice representando á cidade de Vigo, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 2.500,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a participación no proxecto deportivo de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Club Deportivo da Policía Local co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte-ocio na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

O Club Deportivo da Policía Local non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15036/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club Deportivo da Policía Local, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade O Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á participación dunha selección de deportistas do Club Deportivo da Policía Local de Vigo que representarán ó Concello de Vigo, vinculados á competición Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, Emerxencias e Forzas Armadas e no Cto. Internacional Europolice 2016.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Club Deportivo da Policía Local presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Deportivo da Policía Local das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *Aprobar o texto da resolución de subvención proposta a favor do Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G36912459, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas e no Cto. Internacional Europolice 2016.*

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, Emerxencias e Forzas Armadas e no Cto. Internacional Europolice 2016.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club deportivo Policía Local Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta, polo que a sub-

vención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Club deportivo da Policía Local de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15036/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constituán rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na

que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de

Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: *Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 2.500,00 € a favor do Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G-36912459, con enderezo social na Praza do Rei, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas e no Cto. Europolice 2016.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(481).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O ANO 2016. EXPTE. 12786/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.04.16, e o informe de fiscalización do 11.05.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Emprego, do 22.04.16, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos dando continuidade a súa actividade de fomento, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan anualmente outras administracións cara ao emprendemento.

En canto a competencia para actividade de fomento de emprego, que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, a Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro,

que expresa que a función constitucional encomendada ao lexislador estatal é a de garantir os mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, xa que non se descende á fixación detallada de tales competencias, pois o propio Estado non dispón de todas elas. Por iso é polo que esa ulterior operación quede deferida ao lexislador competente por razón da materia.

A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores en Desenvolvemento Local e Emprego, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio; neste sentido compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Nas presentes Bases reguladoras e convocatoria para o ano 2016, os beneficiarios destas axudas serán os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2015 e o 31 de marzo de 2016 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Nesta convocatoria, en xeral, realízanse correccións ortográficas e de mecanizado do texto, actualízanse os datos e adáptanse os textos para clarificar o seu contido e/ou dar resposta á normativa de aplicación respecto ás convocatorias que lle preceden e coa finalidade de facilitar os trámites necesarios para a presentación da solicitude.

Non obstante, cabe sinalar que na Base 1.3. Requisitos incorpórase a posibilidade de que os promotores da empresa solicitante non teñan que acreditar a inexistencia de débedas tributarias e coa Seguridade Social no caso das formas xurídicas SL, SLL e SA; por outro lado, tamén se incorpora o criterio tido en conta, no punto 6, para avaliar a coincidencia da actividade empresarial desenvolvida polos/as promotores/as nos 6 meses anteriores á constitución da empresa.

Na Base 1.5 no relativo aos gastos subvencionables se inclúe a solicitude de documentos que se estima necesarios para a comprobación do gasto a subvencionar (por exemplo, para o caso de presentación de facturas con importe noutra moeda e no caso de contratación do servizo de seguridade).

Como na anterior convocatoria, na Base 1.6 relativa aos criterios de avaliación vólvese a ter en conta a situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral. Como novidade se inclúe, de xeito explícito, a consideración das persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa solicitante.

Finalmente, na Base 4ª, no apartado 4.2 incorpórase a posibilidade de acreditar a condición de mutualista como corresponde ao exercicio dalgunhas actividades profesionais.

Para a convocatoria 2016 deste programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas destínase un montante total de 70.000€, da partida orzamentaria 2410 470 0001 "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2016.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

Por todo o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, solicítase da Xunta de Goberno Local, previo informe do Secretario de Administración Municipal e da Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción da seguinte proposta de acordo:

- 1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2016, que se achegan no expediente no Anexo I.*
- 2. Aprobar o gasto por importe total de 70.000,00 € (setenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 470 0001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio presupuestario do ano 2016.*
- 3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Creación de Empresas" en:*

A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2016

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

Segundo. Beneficiarios

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2015 e o 31 de marzo de 2016 que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

Que, como mínimo, un dos promotores estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das

formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa sexa de titularidade de persoas en situación de desemprego.

Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.

Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas bases reguladoras, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2016, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura.
- b) Existencias iniciais de mercadorías.
- c) Gastos de aluguer.
- d) Primas de seguros.
- e) Subministracións e gastos correntes.
- f) Dereitos de propiedade industrial.
- g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente conta-rase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Pro-

vincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións e rematará o 10 de xullo de 2016.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétimo. Órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento e notificación.

O Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego será o encargado de avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os/as técnicos/as do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de seis meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org e poderáselle notificar de xeito individual ao solicitante.

Oitavo. Criterios de valoración

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio.

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

a) Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.

b) De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. *Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).*

2. *Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).*

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración*
- Que sexa o seu primeiro emprego*
- Menor de 30 anos*
- Maior de 45 anos*
- Muller*
- Discapacitado/a*
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social*
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio*
- Persoa que forme unha familia monoparental*
- Persoa que forme unha familia numerosa*

3. *Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).*

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. *Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa que estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).*

5. *Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).*

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).*

•A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS BASES REGULADORAS 2016

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos
- 1.4. Obrigas
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.6. Criterios de avaliación
- 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes
- 4.2. Documentación
- 4.3. Prazo de presentación

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 6.2. Publicidade das subvencións concedidas.
- 6.3. Publicidade do financiamento público.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. *Solicitud.*

- ANEXO II. *Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.*
- ANEXO III. *Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación.*
- ANEXO IV. *Ficha de solicitude de transferencia bancaria.*
- ANEXO V. *Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis.*
- ANEXO VI. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal.*
- ANEXO VII. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.*
- ANEXO VIII. *Memoria xustificativa do proxecto empresarial.*
- ANEXO IX. *Relación de facturas presentadas.*
- ANEXO X. *Declaración xurada de que as facturas presentadas son orixinais.*
- ANEXO XI. *Declaración xurada do perceptor.*

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión para o ano 2016 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo. coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2015 e o 31 de marzo de 2016 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3. Requisitos

- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.*
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os trasposos de negocios.*
- Que, como mínimo, un dos promotores estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa sexa de titularidade de persoas en situación de desemprego.*
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.*
- Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.*
- Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao*

nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Este requisito non será de aplicación cando a actividade empresarial anteriormente desenvolvida fose realizada por persoas traballadoras autónomas colaboradoras ou por persoas promotoras non traballadoras na empresa cunha porcentaxe de participación igual ou inferior ao 10% do capital social da empresa.

- Que ningún do/s promotor/es houbese recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.*
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (nin a empresa nin os/as promotores/as).*

Na data límite de presentación das solicitudes os beneficiarios deberán cumprir os requisitos 1, 4 e 5 deste apartado. O incumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda, sen máis trámite.

Previo á data límite de presentación da solicitude desta axuda, será o solicitante quén de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

1.4. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- Acreditar, antes da data límite de presentación da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social. Acreditación que deberá manter a súa validez para proceder a súa concesión e pagamento, de ser o caso.*
- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta na solicitude e no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.*
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos*
- a2. Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra e Comunicación previa de Cambio de titularidade.*
- a3. alta no Rexistro Mercantil*
- a4. certificación negativa do nome da sociedade*
- a5. honorarios de notaría por escrituras públicas*
- a6. publicación no BORME*
- a7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.*

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer:

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. local*
- c2. vehículo industrial*
- c3. aplicacións e equipos informáticos.*

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención.

d) Primas de seguros

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Para os casos de pago anual considerarase a contía proporcional dos meses aos que proceda a subvención.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo de cada unha das pólizas concertadas para as que se solicita subvención.

e) Subministracións e gastos correntes

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga
- e2. teléfono
- e3. electricidade
- e4. gasóleo / gasolina
- e5. material de oficina
- e6. asesoría
- e7. gas
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)⁽¹⁾
- e9. gastos de difusión da actividade empresarial

⁽¹⁾Ademáis do correspondente xustificante do gasto achegarase documento acreditativo do contrato do servizo de seguridade subscrito para o que se solicita subvención.

f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes
- f2. modelos de utilidade
- f3. deseño industrial
- f4. marcas de produtos ou servizos
- f5. nomes comerciais
- f6. dominio en Internet

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Todos os gastos referidos poderán ser computados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa.

Todas as facturas deberán indicar o seu importe en euros ou, no seu defecto, presentar xunto coa factura xustificante de pagamento acreditativo do seu valor correspondente en euros.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

1.6. Criterios de avaliación

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).

<i>Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM</i>	<i>10 puntos</i>
--	------------------

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración ⁽¹⁾
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a⁽²⁾
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽³⁾
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio⁽⁴⁾
- Persoa que forme unha familia monoparental ⁽⁵⁾
- Persoa que forme unha familia numerosa ⁽⁶⁾

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa que estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
--	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada

solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

a) Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.

b) De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

⁽¹⁾ Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.

⁽²⁾ A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

⁽³⁾ A pertencencia aos colectivos en risco ou situación de exclusión social deberá acreditarse de xeito documental e a dita consideración integra aos seguintes colectivos:

1. Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.
2. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.
3. Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
5. Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
6. Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.
7. Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os exreclusos/as.
8. Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.
9. Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
10. Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
11. Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

⁽⁴⁾ Acreditaráse esta condición mediante a certificación do Servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.

⁽⁵⁾ Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental

acreditarse mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a autorización do Anexo VI. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.

⁽⁶⁾ Considerarase familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.

1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

De ser o caso, previo ao outorgamento ou non da axuda deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude e que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da contía no caso da súa concesión.

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende o inicio da actividade empresarial. A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorra un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal aprezafe mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de

axudas compatibles entre sí dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases reguladoras e a convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.*
- O Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será o encargado da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.*

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos.*
- Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.*
- Un/Unha técnico/a do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Os/as técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento poderá requirirille aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes

As solicitudes deberán presentarse necesariamente segundo o modelo normalizado Anexo I no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiránse á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos.

4.2. Documentación

As persoas interesadas presentarán a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada)

- Anexo I. Solicitud en modelo normalizado.
- Anexo II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención.
- Anexo III. Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación segundo o punto 1.6 da base 1ª da subvención.
- Anexo IV. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.
- Anexo V. Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas.
- Anexo VIII. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda de la Xunta de Galicia e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e de todos os promotores. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.
- NIF da empresa, DNI dos promotores, copia do documento de constitución da empresa e copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade (no caso de varios promotores só precísase o DNI do representante da empresa e dos promotores que se autoempreguen). Cando a solicitante sexa persoa física, só terá que presentar copia do DNI ou NIE.
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- Alta no réxime da Seguridade Social ou na mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- Vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10% do capital social da empresa.

- *Facturas dos gastos para os que se solicita a subvención, xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada. Computaránse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegarásese xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).*
- *Anexo IX. Relación de facturas presentadas, correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, apartado 1.5.*
- *Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.*
- *Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.*

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.6 das bases):

- *Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.*
- *Certificados ou documentos que demostren a situación social das persoas promotoras autoempregadas segundo o apartado 1.6 Criterios de avaliación. Para avaliar o empadramento é necesario presentar o xustificante de empadramento ou o Anexo VI. Autorización para solicitar información do padrón municipal.*
- *No caso de contratación de persoal:*
 - Persoal por conta allea:*
 - Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.*
 - Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s no Servizo Público de Emprego (SPE).*
 - Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.*
 - Autónomo/a colaborador/a:*
 - Informe de Vida laboral completa das persoas traballadoras contratadas.*
 - Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras (no que figure a súa vinculación coa empresa).*
 - Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.*
- *Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).*
- *Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.*

Non é necesario presentar compulsada a seguinte documentación: DNI, Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra, Comunicación previa de Cambio de titularidade, certificado emitido polo concello para a súa cualificación como ILE/PEIM nin os documentos asinados electrónicamente pola administración.

Toda a documentación achegada deberá estar en vigor e debidamente acreditada.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requerirásese á empresa solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende o erro ou aporte a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o facer, teráse por desistida da súa solicitude previa resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei 30/1992, de 26 de

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, con data, identificación da empresa e/ou da persoa solicitante e debidamente asinada. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

4.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións e rematará o 10 de xullo de 2016.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por rexistro. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

- *A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.*
- *O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.*

Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As empresas adxudicatarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tácitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a empresa e, de ser o caso, os promotores estean ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte para a xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

a) Anexo X. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e presentarse asinado e con data actualizada.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbanse o Regulamento polo que regulan as obrigas de facturación, das que cabe destacar as seguintes:

- 1. Número e, no seu caso, serie.*
- 2. Data da súa expedición*
- 3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide factura e do destinatario das operacións.*
- 4. Número de identificación fiscal do obrigado a expedir factura e do destinatario*
- 5. Enderezo do obrigado a expedir a factura e do destinatario das operacións*
- 6. Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.*
- 7. O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións*
- 8. A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado*
- 9. Especificación, por separado, da parte de base impoñible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.*

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indicará a subvención para cuxa xustificación foron presentados e o importe exacto imputado á subvención.

c) Anexo V. Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis, actualizada.

d) Anexo XI. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
2. Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
3. Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e, de ser o caso, dos promotores. Non serán necesarios de continuar vixentes os certificados presentados con anterioridade.

f) Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será suministrado polo Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá conter data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.

O Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención durante o prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarásese conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas

Tódas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderáse notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.3. Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

8.1. Perda do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das

cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

8.2. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

8.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2016, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "minimis".

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

9(482).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN, BASES E PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO “XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO”. EXPTE. 6455/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.05.16 e o informe de fiscalización do 13.05.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 29.04.16, conformado pola concelleira da Área de Festas e Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de abril, a concelleira delegada da Área de Festas e Museos resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración de cara á XXII edición do Festival Folclórico Internacional 2016, así como das súas Bases de participación e Convocatoria para o ano 2016. O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional.

O festival terá lugar entre os días 19 ao 24 de xullo de 2016, ambos inclusive, dentro do programa “Vigo en Festas 2016”, en cinco barrios da cidade, que saíran da convocatoria aberta acordada pola Xunta de Goberno local. Así mesmo, celebrarase un acto central de Clausura o día 24 de xullo, domingo no Teatro da Fundación Abanca.

Desde o ano 1995 véñense asinando convenios de colaboración similares coa devandita Asociación para este cometido, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios a todos os niveis. Esta actividade está impulsada, planificada e organizada desde ese ano pola Asociación Folclórica Interfolc, limitándose o Concello de Vigo a súa actividade de fomento polo seu interese público, arraigo do festival na cidade, e ampla tradición na promoción do folclore e cultura propios, formando parte do programa de festas desta cidade.

Desta forma, a Asociación Interfolc asume a organización do festival e todas as xestións necesarias para a contratación dos grupos folclóricos que tomarán parte no mesmo, entre eles os seguros que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguro de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do festival. Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos espectáculos, editará o material gráfico para a difusión do festival.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación cultural Interfolc. A tal fin o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A asociación Interfolc achega unha proposta de programación e o orzamento de gastos de Festival por importe de 63.000 € (anexo II do convenio).

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 63.000,00 euros, a favor da Asociación cultural Interfolc, CIF G-36.892.271, para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional de Vigo".

O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES69 2080.5100.16.3000092046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26,2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Por outra banda, o éxito de público que se vén conseguindo tralas sucesivas edicións desconcentradas do festival, fai conveniente regular mediante as bases de participación, convocatoria e solicitudes de actuacións das entidades ou asociacións interesadas no festival, que se achegan como anexo I ao convenio. No caso de incumprimento destas bases por parte das entidades beneficiarias, estas perderán o dereito a participar nas dúas seguintes edicións do festival.

As solicitudes de inscrición para estas actuacións realizarase no impreso normalizado que se achega no expediente, a través do Rexistro xeral, entre os días 20 de maio e as 13,30 horas do día 31 de maio de 2016; no caso de haber máis solicitudes que espectáculos ofertados, seguiríanse os criterios de selección estipulados na base terceira.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, en virtude do decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, la Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20. 4 e 8b).

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, e da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do "XXII Festival Folclórico Internacional de Vigo".

2º.- Que se aproben as Bases de participación ao XXII Festival Folclórico Internacional de Vigo e a súa Convocatoria correspondente ao presente ano.

3º.- Que se autorice un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 do vixente exercicio económico.

4.- Que se autorice a publicación desta subvención nominativa na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN
CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO
INTERNACIONAL DE VIGO

Na Casa do Concello a de de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don ROBERTO GIRALDEZ BARBEITOS, como PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Romil, 12 – 1º c, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6455-335 En adiante INTERFOLC.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que INTERFOLC ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

II.- Que o CONCELLO vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 63.000,00 euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa “Festival folclórico internacional”.

IV.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras

debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que INTERFOLC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6455/335.

VII.- Que os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XXII edición do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO, que se desenvolverá entre os días entre os días 19 ao 24 de xullo de 2016, ambos inclusive, dentro do programa "Vigo en Festas 2016" por cinco barrios da cidade e un acto central.

VIII.- Que o CONCELLO e INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IX.- Que as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de INTERFOLC, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- INTERFOLC comprométese a colaborar co CONCELLO en canto ao desenvolvemento da programación do XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, en particular a:

1. Organizar e xestionar o programa do XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 actuación de vinte minutos dun grupo do barrio que acolle a actuación, ou de dous grupos do barrio cunha duración de dez minutos cada unha.
- 4 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade.

- 1 actuación central no Teatro da Fundación ABANCA coa participación dos tres grupos internacionais, un nacional e a participación das 3 agrupacións folclóricas integrantes de INTERFOLC.

- Desfile dos grupos participantes o día do acto central polas rúas García Barbón e Policarpo Sanz as 20,00 horas.

O custo total do programa ascende a 63.000,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais desconcentrados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ao respecto ao persoal técnico da Concellaría de Festas.

5. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

6. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.

7. Contratar o aluguer do Teatro ABANCA para o desenvolvemento do acto central, así como o persoal necesario.

8. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

9. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

10. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

11. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

12. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.

13. Contratar os servizos de Cruz Vermella naqueles casos que sexan necesarios.

14. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

15. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos

que participen no festival; para o cal entregará ao CONCELLO copia das pólizas antes do inicio do festival.

16. Organizar os actos centrais da recepción oficial aos grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.

17. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.

18. Cumprir as bases de participación no Festival.

19. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.

20. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento do acto central así como na reserva doutros espazos que sexan necesarios.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2. Deseñar e editar o material gráfico correspondente ao festival (500 exemplares de carteis e 3.500 exemplares de trípticos informativos da actividade e as invitacións ao acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico do Servizo de Festas.

3. Conceder directamente a INTERFOLC, unha subvención para a edición 2016 por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

INTERFOLC deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES69 2080.5100.16.3000092046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- INTERFOLC non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- INTERFOLC debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- INTERFOLC, antes do remate da primeira quincena de decembro de 2016 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaranse en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se

incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 63.000 euros.”*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico deste servizo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- INTERFOLC deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ao público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará os logotipos do Concello de Vigo e de INTERFOLC, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- A concelleira de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Festas e Turismo do Concello.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo terceira.- En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as

subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20. 4 e 8b).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

BASES PARA AS SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO

Primeira.- O servizo de Festas da Concellaría de Festas e Turismo e a Asociación cultural INTERFOLC, en adiante "Comisión organizadora", están a programar o "XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO", creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular á cidadanía.

Por este motivo, ofértanse aquelas entidades interesadas, un espectáculo folclórico que terá lugar entre os días 19 ao 24 de xullo de 2016 (estando o día 24 de xullo reservado para o acto central)

O número máximo de beneficiarios de actuacións para a presente edición queda limitado a cinco.

Segunda.- Poderán inscribirse todas as entidades sen ánimo de lucro e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Entidades non lucrativas de carácter sociocultural e veciñal que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
- b) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos obxectivos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

Terceira.- A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo entre os días 20 de maio e as 13,30 horas do día 31 de maio de 2016, ambos inclusive.

Como criterios de selección establécense:

- a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;
- b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.

Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio, parroquia ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

Cuarta.- En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado pola Comisión organizadora poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola

mesma entidade ou asociación beneficiaria. No caso de existiren na proximidade outras instalacións recreativas e atraccións deberán permanecer co volume dos altofalantes apagados.

Quinta.- As entidades beneficiarias, xunto co recinto de actuación proposto, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 "wattios".
- c) Cadeiras para o público asistente conforme ao aforo do lugar.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Divulgar e promocionar o evento, así como distribuír o material gráfico que se remita dende a Comisión organizadora para difundir o evento, e incluír os logotipos do Concello de Vigo, Asociación INTERFOLC e entidade beneficiaria naquel material gráfico e audiovisual que esta edite.
- f) Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros con ocasión do festival.
- g) Comunicar á comisión organizadora calquera actividade protocolaria fora de programa.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola beneficiaria posteriormente á realización da inscrición (escenario, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "OBSERVACIÓNS" do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar a tal efecto. A presentación da solicitude de participación supón supón a aceptación das presentes bases xunto co compromiso da entidade de cumprir coas necesidades e requisitos indicados.

Sexta.- Os membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas e Turismo a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución da concelleira, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

Sétima.- A Comisión organizadora achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

- a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
- b) Dous grupos folclóricos.
- c) Elementos de difusión e publicidade (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
- d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.
- e) Presentador/a do acto, facendo mención breve ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidades que colaboran na execución do programa.

Oitava.- A entidade beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.

Novena.- A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

Décima.- Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de dez minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Comisión Organizadora no prazo de 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

Décimo primeira.- A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Comisión Organizadora, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

Décimo segunda.- Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria deberá formalizar a “certificación de execución” da actuación, que lle será facilitada pola Comisión organizadora, con indicación das posibles incidencias e suxestións relativas á súa produción.

Décimo terceira.- No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

Décimo cuarta.- A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

“XXII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO”

D/ Dna, _____ NIF _____ en representación da entidade denominada _____ CIF _____ ENDEREZO _____ Nº _____ CP _____ TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____ Nome do/a coordinador/a da actividade: _____ TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____
--

SOLICITA a súa inscrición no “XXII Festival Folclórico Internacional de Vigo”, E **DECLARA** coñecer e aceptar as bases de participación.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO: ⇒ LOCALIZACIÓN: _____ ⇒ ESCENARIO: Ancho: _____ Fondo: _____ Alto: _____

⇒ INSTALACIÓN ELÉCTRICA: a) Xerador Enganche eléctrico oficial.
b)Potencia máxima: _____W

⇒ AFORO DO RECINTO: _____

⇒ CAMERINOS: a) Fixos Eventuais.
b) Número: _____
c) Capacidade: _____

⇒ DATA PREFERENTE: 19, 20, 21, 22 e 23 de xullo. (sinalar unha ou varias opcións)

⇒ OBSERVACIÓNS: _____

Vigo, de de 2016

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

De acordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que figuran nesta comunicación están incluídos nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Vigo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poderán dirixirse en calquera momento á devandita entidade, na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo.

10(483).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS DO PROXECTO “ REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN (BOUZAS)”. EXPTE. 7457/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.16, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, do 14.05.16, conformado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle ao responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Aprobado pola XGL en sesión do 10/10/2014
Orden inicio expediente de contratación	Resolución da Concelleira Delegada con data de 03/11/2014

Aprobación expediente de contratación	Aprobado pola XGL en sesión extraordinaria e urxente do 21/11/14 Importe de licitación de 494.667,25 euros
Aplicación Orzamentaria Proxecto	3360.6220002
Período de licitación	Do 02/12/2014 (anuncio BOP) ata o 15/12/2014.
Adxudicación	Acordo da XGL en sesión extraordinaria e urxente do 30/12/2014 XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., por un prezo de 385.345,79 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	4 meses y 3 semanas
Garantía	132 meses
Sinatura do contrato	30/12/14
Dirección facultativa	A XGL do 09/01/2015, acordou o nomear aos técnicos municipais: David Carvajal Rodríguez – Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, como dirección facultativa e a Raquel López González, directora de execución. Expediente: 7566-307
Coordinación de Seguridade e Saúde	A XGL do 09/01/2015, acordou o nomear a Xiana Alonso Población como coordinadora de seguridade e saúde. Expediente: 7566-307.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 16/01/2015, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e informado favorablemente por Xiana Alonso Población como coordinadora de seguridade e saúde. Expte: 7570-307
Plan de Residuos	Aprobado pola XGL en sesión de 16/01/2015, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e informado favorablemente por Xiana Alonso Población como coordinadora de seguridade e saúde. Expte: 7570-307
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 16/01/2015, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e informado favorablemente por Xiana Alonso Población como coordinadora de seguridade e saúde. Expte: 7570-307

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución era de 6 meses, aínda que a empresa adxudicataria reduciuno en 5 semanas, polo que resulta un total de 4 meses y 3 semanas de prazo de execución.

Acta de comprobación do replanteo	Acta asinada con data 20/01/2015. Dase conta a XGL con data 24/04/2015.
Data de inicio das obras	20/01/15
Data inicial de finalización das obras	10/07/15

Con data 10/04/2015, a dirección facultativa das obras emite un informe no que se sinalan incidencias que provocaron unha serie de paralizacións das obras:

- dúas semanas por problemas derivados do acopio da pedra,
- tres semanas por deficiencias no estudo xeotécnico,
- dúas semanas polo cese de actividade da empresa subcontratada para realizar o micropilotaxe,
- dúas semanas pola avaría da máquina hidráulica de micropilotaxe.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24 de abril de 2015, tomou coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA "CASA DO PATÍN" COMA EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, así como da suspensión temporal da execución de ditas OBRAS, dun total de NOVE SEMANAS.

Con data 17/07/2015, a Xunta de Goberno Local autorizou a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, segundo a solicitude realizada pola dirección facultativa, en informe de 7 de xullo de 2015. Igualmente, autorízase "a moratoria ao prazo de execución da obra polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto".

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 23 de decembro de 2015, aprobou "o PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, redactado por Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, e conformado pola empresa adxudicataria, Xestión Ambiental de Contratas, S.L."

Con data 23 de novembro de 2015, o Alcalde asina un bando no que se sinala o seguinte:

"Co fin de facilitar a mobilidade en xeral no centro da cidade, debido á maior afluencia de persoas e vehículos, co gallo das festas do Nadal, compre o establecemento de medidas provisionais na zona urbana interior ao arco delimitado polas rúas:

Doutor Corbal, Bos Aires, Travesía de Vigo, Aragón, Jenaro de la Fuente, Avda. Martínez Garrido, Estación de Autobuses, Avda. Arquitecto Palacios, Avda. Castrelos, Avda. Portanet, Avda. Citroën, circunvalación Oeste ata Bouzas, establécense as seguintes restriccións:

1.- As obras de canalizacións para servizos de saneamento, auga, electricidade, gas e telecomunicacións que se están a executar na vía pública deberán quedar rematadas ás 24,00 horas do sábado día 12 de decembro de 2015. As empresas responsables delas estarán obrigadas a repoñer o pavimento e a sinalización para deixar expedita a libre circulación de persoas e vehículos, polo que terán que retirar casetas, valos, materiais de obra e maquinaria, coa limpeza de calzada e beirarrúas nas rúas e espazos públicos afectados.

2.- Asemade, na zona urbana interior ao arco delimitado polas rúas:

Isaac Peral, Doutor Canoa, Travesía de Vigo, Pizarro, Gran Vía e Coruña non se permitirán colectores de obra, sacos de residuos ou calquera outro acopio de materiais na vía pública, que deberán en todo caso ser retirados antes das 24,00 horas do sábado día 12 de decembro de

2015. As empresas responsables deles estarán obrigadas a retiralos, coa limpeza de calzada e beirarrúas nas rúas e espazos públicos afectados.

3.- Os traballos, que por atoparse no prazo de execución autorizado, que segundo o anterior teñan que suspenderse nestas datas, poderán continuarse a partir das 08,00 horas do vindeiro xoves día 07 de xaneiro de 2016. Polo tanto as obras en curso na actualidade que non poidan ser rematadas na data indicada do 12 de decembro, terán que manter expedito o paso por elas e o seu entorno, durante o período do Nadal, así como garantir unha correcta sinalización para o tráfico e seguridade viaria de persoas e vehículos, repoñéndoa á súa costa se se deteriorase por calquera motivo ou incidencia.

4.- Asemade, dende as 24,00 horas do sábado día 12 de decembro de 2015 ata as 08,00 horas do xoves día 07 de xaneiro de 2016, prohíbese a realización de calquera outra obra ou traballo que afecte á vía pública, tanto na calzada como nas beirarrúas, salvo autorización expresa por parte desta Alcaldía.

5.- Nas devanditas datas unicamente poderán ser atendidas, sen limitación de horarios, as emerxencias ou avarías que revistan carácter de urxencia. Cumprirá darlle coñecemento destas, cando se produza, á Policía Local, cando menos telefónicamente e deberase presentar no Concello, a través do seu Rexistro Xeral, e dentro das 24 horas seguintes, un dictame xustificativo da urxencia e alcance da avaría, subscrito polo técnico competente responsable da obra ou instalación afectada.

6.- Os demais traballos de mantemento ou reparación precisos nas vías e servizos públicos, durante estes días, poderán realizarse entre as 21,00 horas e as 09,00 horas do día seguinte, trala autorización expedida pola Alcaldía.

7.- Lémbrese tamén que están obrigadas todas as empresas constructoras a retirar da vía pública todos os materiais, taboleiros, valos, maquinaria, etc., dos edificios en construción que non dispoñan dunha autorización expresa.

O incumprimento destas normas dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador e imposición da multa na contía máxima establecida na vixente lexislación de réxime local, así como á inmediata paralización das que se inicien, sen prexuízo de calquera outra medida que proceda adoptar."

2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que os prazos de suspensión abarcaron varios períodos:

- un período de nove semanas, provocado por una serie de paralizacións das obras, exposto en informe da dirección facultativa de data 10/04/2015.

- o período de moratoria do prazo de execución da obra mentres se redacta o proxecto modificado nº 1, autorizado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 17/07/2015, e que finaliza coa aprobación de dito proxecto modificado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria e urxente de 23 de decembro de 2015.

- o período de suspensión de obras decretado polo Alcalde, co gallo das festas do Nadal.

O prazo de finalización pasa do inicialmente establecido, 10 de xuño de 2015, á data límite do 1 de febreiro de 2016.

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
03/03/2015	Certificación nº1. execución obra. (ive incluído):	4.252,56 €
31/03/2015	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	17.740,92 €
30/04/2015	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	46.012,98 €
31/05/2015	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído):	43.056,88 €
30/06/2015	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído):	36.475,21 €
31/07/2015	Certificación nº 6. execución obra. (ive incluído):	59.743,91 €
31/08/2015	Certificación nº 7. execución obra. (ive incluído):	46.438,05 €
09/10/2015	Certificación nº 8. execución obra. (ive incluído):	70.933,29 €
31/10/2015	Certificación nº 9. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
30/11/2015	Certificación nº 10. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
30/12/2015	Certificación nº 11. execución obra. (ive incluído):	60,656,27 €

4.- Recepción das obras:

Con data 20 de xaneiro de 2016, expediuse a acta de recepción POSITIVA das obras de correspondentes ao PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN (BOUZAS), que foi asinada pola dirección facultativa das obras: Raquel López González, David Carvajal Rodríguez – Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; a responsable do contrato, María Gómez Janeiro; así como polo representante da empresa adxudicataria, Samuel Requejo Fernández.

Nesta acta de recepción fíxase a data do 8 de febreiro de 2016 para proceder á medición final da obra executada.

De acordo co contido na acta de recepción, en relación á determinación do acto para a realización da medición xeral das obras, con data 8 de febreiro de 2016, procédese a esta medición xeral das obras coa participación da dirección facultativa das obras: Raquel López González, David Carvajal Rodríguez – Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; a responsable do contrato, María Gómez Janeiro; así como polo representante da empresa adxudicataria, Samuel Requejo Fernández, segundo determina o artigo 166 do RXLCAP.

Nesta medición xeral compróbase a existencia de incrementos de medición respecto do considerado no proxecto de execución en diversas partidas, que quedan reflectidas na acta de medición final.

Así, e segundo o disposto nos artigos 149 e 166.8 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, a dirección facultativa das obras expidiu con data 12 de febreiro de 2016 a correspondente certificación final de acordo o contido na medición xeral.

5.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

O adxudicatario presenta, con data 1 de abril 2016, a seguinte documentación da obra:

- Consta declaración responsable asinada polo xerente da empresa adxudicataria, de data 30/03/2016 en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos

traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

- Consta con data 25/01/2015, declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

- Consta reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable de data 27/01/2016.

- Consta no expediente a declaración responsable por parte do contratista de data 29/01/2016 na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas.

- Consta no expediente a declaración responsable por parte do contratista, de data 30/03/2016, do cumprimento das CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN definidas nas FEC respecto o apartado 1 da cláusula 26 do PCAP.

- Consta no expediente a declaración responsable por parte do contratista, de data 30/03/2016 do cumprimento de non superar o límite do 50% das subcontratacións.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 132 meses.

Deste xeito, o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 20/01/2016, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, rematará o 20/01/2027.

En consecuencia, o responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN (exp. 7457-307) polo que procede a proposta de aprobación da certificación final de obra.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación de dita certificación, polo que previo informe de fiscalización favorable por parte da Intervención Xeral do Concello, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a CERTIFICACIÓN FINAL de data 12 de febreiro de 2016 correspondente a execución das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN .

Dita certificación recolle a medición xeral da obra executada:

Presuposto de execución material:	377.858,89 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	343.510,92 €
Total execución material da presente certificación	34.347,97 €
Gastos xerais (13%)	4.465,24 €
Beneficio industrial (6%)	2.060,88 €
Total:	40.874,09 €
IVE (21)%	8.583,56 €
Presuposto de execución por contrata	49.457,65 €
Baixa adxudicación (22,099999545%)	10.930,14 €
Presuposto líquido global contractual	38.527,51 €
Base imponible	31.840,92 €
Cota IVE 21%	6.686,59 €
IMPORTE TOTAL CERTIFICACIÓN FINAL	38.527,51 €

- 2.- Autorizar o gasto por importe de 38.527,51 euros (IVE engadido) a favor da empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., polos incrementos de medición respecto do considerado no proxecto de execución, nas partidas detalladas na Acta de Medición final da obra asinada con data 8 de febreiro de 2016, con cargo á partida orzamentaria 3360.6220002 "Rehabilitación Casa Patín".
- 3.- Dar conta do inicio do prazo de garantía das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, que de acordo co contrato asinado en data 30/12/2014 se corresponde con 132 meses, os cales terán efecto a partir da data de 20/01/2016, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 20/01/2027. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

- 4.- Dar conta do presente acordo a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da liquidación final da obra aprobada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(484).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,69€ A FAVOR DE TAELO S. COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS DA POLICÍA LOCAL E SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015. EXPTE. 46331/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/05/16, dáse conta do informe-proposta do 29/04/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE a factura de data 11/12/2015, nº. TR80117/15 (expte. 46330/212) por importe de 15.287,79 €, IVE engadido, polo concepto de “infraestructura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de outubro e novembro de 2015”.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente aos meses de outubro e novembro de 2015, por importe de 15.287,79 €, IVE engadido, segundo factura Nº. TR80117/15”.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a prestación efectiva do servizo de comunicacións a través da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, prevista en principio para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comezo operativo ata principios de 2016.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de

comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

En efecto, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión do 25 de setembro de 2015, aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede antes referida, para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 44940/212, segundo o modelo de adhesión aprobado como anexo III, polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 21 de maio de 2015.

Segundo as previsións comunicadas por AMTEGA, o suministro dos terminais farase en decembro e, en xaneiro de 2016 xa pode estar en funcionamento o servizo trala programación e instalación dos terminais.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adjudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adjudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adjudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 15.287,79 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorpórese tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demais axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

- 1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe de 15.287,79 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios correspondente ao período de outubro e novembro de 2015, segundo factura Nº. TR80117/15, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.*

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o su nivel de vinculación xurídica.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(485).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,69 A FAVOR DE TAELO S. COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS DA POLICÍA LOCAL E SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2016. EXPTE. 48184/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/05/16, dáse conta do informe-proposta do 04/05/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE: Factura do 08/03/2016, número TR80024/16, por un importe de 15.287,79 €, co 21% de IVE engadido, en concepto de “Infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións periodo xaneiro e febreiro de 2016” (expte.- 48183-212).
- Factura do 19/04/2016, número TR80034/16, por un importe de 7.643,90 €, co 21% de IVE engadido, en concepto de “Infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións periodo marzo de 2016” (expte.- 48466-212).

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 por importe total de 22.931,69 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de xaneiro e febreiro de 2016 (segundo factura Nº. TR80024/16 por importe de 15.287,79 €), e marzo de 2016 (segundo factura Nº TR80034/16, por importe de 7.643,90 €), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo”.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a prestación efectiva do servizo de comunicacións a través da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, prevista en principio para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comenzo operativo ata o primeiro semestre de 2016.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

En efecto, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión do 25 de setembro de 2015, aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede antes referida, para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 44940/212, segundo o modelo de adhesión aprobado como anexo III, polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 21 de maio de 2015.

Na actualidade xa foron subministrados os equipos e a empresa RETEGAL está ultimando a programación dos mesmos e comprobacións técnicas necesarias para o inminente comenzo da prestación do servizo.

O contrato coa mercantil Taelpo, S. Coop. rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestructura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestructura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe das facturas, de 15.287,79 € (xaneiro e febreiro de 2016) e 7.643,90 € (marzo 2016), ámbalas dúas con IVE engadido, responde a estimacións de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorpórese tamén sendas declaracións do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extraxudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a favor da mercantil TAE LPO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 22.931,69 € (21% IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de

Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de xaneiro e febreiro de 2016 (segundo factura Nº. TR80024/16, por importe de 15.287,79 €), e marzo de 2016 (segundo factura Nº TR80034/16, por importe de 7.643,90 €), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

Segundo.- Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o su nivel de vinculación xurídica.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(486).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO CON TEATRO ENSALLE S.L.L., PARA A REALIZACIÓN DA “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, ABRIL-MAIO 2016”. EXPTE. 15307/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.16, e o informe de fiscalización do 11.05.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 20.04.16, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 7 de abril de 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. para a organización e realización da “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

Teatro Ensalle conta cunha programación de carácter estable dende 2003 conformada pola xestión dá programación dá sala (aproximadamente 90 funcións anuais de Teatro e danza contemporánea profesional de procedencia local, rexional, estatal e internacional), programa compañías en residencia (Provisional Danza-Premio nacional de danza 2010- e Pisando Ovos), formación das artes escénicas, acolle a propia compañía de Teatro Ensalle (12 xiras nacional -400 funcións- e 11 xiras internacionais -100 funcións-) e organiza actualmente os seguintes festivais anuais, Isto Ferve (11 edicións), Catro Pezas (10 edicións) e Vigo en Bruto (5 edicións).

Teatro Ensalle é membro fundador dá Rede Galega de Salas e forma parte dá Coordinadora Estatal de Salas, presidindo esta entre 2011 e 2014. Os xerentes de Teatro Ensalle formaron parte do Consello Estatal das Artes Escénicas entre 2011 e 2014.

Teatro Ensalle Conta cunha Asociación de Amigos do teatro, composta actualmente por 45 socios.

Teatro Ensalle ten un equipo de traballo estable que xenera 4 postos indefinidos dende 2008. Por outra banda nos últimos 5 anos traballaron en Teatro Ensalle 220 artistas dados de alta 5 días cada un e 154 técnicos, igualmente dados de alta 5 días cada un, o cal supón un total de días de alta en cinco anos de 1828 días, unha media anual de 365,60 días de alta.

Nos últimos 5 anos a media de programación da sala e de 88 funcións anuais e 52 días de ensaio de compañías residentes.

"Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016":

"XII FESTIVAL ISTO FERVE 16"

ABRIL

1,2 e 3 de Abril

Deriva Naufragio Apáñatelas. Cambaleo Teatro e Provisional Danza (TEATRO/DANZA) Madrid. Estrea en Galicia.

15,16 e 17 de Abril

Drei Cía. Pamplona. PieldEarena (DANZA) Canarias. Estrea en Galicia.

22,23 e 24 de Abril

Ensaio sobre o lonxe. Cía. Anómico Teatro (TEATRO). Galicia. Estrea Absoluta.

MAIO

13,14 e 15 de Maio

8 Gestos. Cía. Provisional Danza (DANZA). Madrid. Estrea absoluta.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 21.344,69€ (vinteún mil catrocentos corenta e catro euros con sesenta e nove céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 4.000 € do Concello de Vigo (18,74 %), de 2.000€ por billeteira (9,37%) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 4.200€ (19,68 %), Ministerio de Cultura (Inaem) 6.250€ (29,28 %), Asociación de Amigos do Teatro 4.894,69 € (22,93 %).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Proxecto da actividade*
- *NIF do Presidente*
- *CIF da Asociación*
- *Estatutos da Asociación*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de conformidade ao texto do convenio.*
- *Cronograma actualizado.*
- *Escrito de data 19 abril de 2016 remitido por TEATRO ENSALLE S.L.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á "Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016" proposto polo Concello de Vigo.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., para a organización do programa "Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016" , obxecto do

presente convenio rexerose pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Con relación á competencia municipal para proceder á concesión da subvención obxecto do Convenio, nos termos da Instrución 1/2014, en aplicación da Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro LRSAL:

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas promovidas pola entidade Teatro Ensalle SLL, encadrase dentro das competencias propias por razón de materia, determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL (conforme nova redacción dada pola Lei 27/2013 LRSAL.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. ten como obxecto financiar a organización do “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016” e figura na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á TEATRO ENSALLE S.L.L.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

En aplicación dos principios de transparencia e acceso á información pública e bo goberno, o convenio incorpora no seu clausulado a obriga por parte do Concello de Vigo de publicitar a concesión desta subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Portal de Transparencia.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000€ (catro mil euros) á **TEATRO ENSALLE S.L.L.**, CIF. B36920247, para o financiamento da “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e **TEATRO ENSALLE S.L.L.** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, ABRIL-MAIO 2016 ”

En Vigo, ___de ____ de dous mil dezaseis.

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa condición de administrador solidario da empresa Teatro Ensalle S.L.L. (CIF: B-36920247) , actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade outorgada ante o notario D. Miguel Lucas Sánchez, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Chile, 15 CP36202 da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural a “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenía.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de ___ de ___ de 2016.

TERCEIRO.- A Empresa, é unha entidade inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, e tal e como establecen os seus estatutos ten como obxecto social “Sala de teatro e academia de ensino de teatro”.

CUARTO.- Que a EMPRESA ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016” e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do “Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016” que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 21.344,69€ (vinteún mil catrocentos corenta e catro euros con sesenta e nove céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 4.000 € do Concello de Vigo (18,74 %), de 2.000€ por billeteira (9,37%) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 4.200€ (19,68 %), Ministerio de Cultura (Inaem) 6.250€ (29,28 %), Asociación de Amigos do Teatro 4894,69 € (22,93 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugar: sala de Teatro Ensalle, r/. Chile, nº 15

“Programación de Teatro Ensalle, abril-maio 2016”:
“XII FESTIVAL ISTO FERVE 16”

ABRIL

1,2 e 3 de Abril

Deriva Naufragio Apáñatelas. Cambaleo Teatro e Provisional Danza (TEATRO/DANZA) Madrid. Estrea en Galicia.

15,16 e 17 de Abril

Drei Cía. Pamplona. PieldEarena (DANZA) Canarias. Estrea en Galicia.

22,23 e 24 de Abril

Ensaio sobre o lonxe. Cía. Anómico Teatro (TEATRO). Galicia. Estrea Absoluta.

MAIO

13,14 e 15 de Maio

8 Gestos. Cía. Provisional Danza (DANZA). Madrid. Estrea absoluta.

CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

- Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

- Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.
- A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

En aplicación dos principios de transparencia e acceso á información pública e bo goberno, o Concello publicará a concesión da subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Portal de Transparencia.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento a EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 1 de decembro de 2016.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 - ◆ *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 - ◆ *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 - ◆ *Memoria de prensa.*
 - ◆ *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 - ◆ *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
 - ◆ *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
 - ◆ *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o

importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto

no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
S.L.L.
de Cultura
Cayetano Rodríguez Escudero

O administrador solidario da Teatro Ensalle

Pedro Martínez-Fresneda Martínez

ANEXO Iº

ORZAMENTO DA “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, ABRIL-MAIO 2016 ”

PREVISIÓN DE GASTOS	
GASTO DIRECTO	
CACHET	7.308,00 €
NOMINAS PROGR E MAQUET, PRENSA E TECNICO	6.600,00 €
LOCAIS	2.067,29 €
PUBLICIDADE(Trimestral)	770,54 €
TOTAL DIRECTO	16.745,83 €
GASTO INDIRECTO	
NOMINAS PERS. SALA	1.680,00 €
XESTORÍA	551,95 €
PERTENZA REDE TEATROS	120,20 €

SUBMINISTROS	1.001,82 €
SEGUROS	391,74 €
TRIBUTOS(Trimestre)	853,15 €
TOTAL INDIRECTO	4.598,86 €
TOTAL GASTOS	21.344,69 €

PREVISIÓN DE INGRESOS		%
CONCELLO DE VIGO	4.000,00 €	18,74%
XUNTA DE GALICIA (AGADIC)	4.200,00 €	19,68%
MINISTERIO DE CULTURA (INAEM DANZA)	5.000,00 €	23,43%
MINISTERIO DE CULTURA (INAEM TEATRO)	1.250,00 €	5,86%
TAQUILLAS	2.000,00 €	9,37%
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO TEATRO	4.894,69 €	22,93%
TOTAL INGRESOS	21.344,69 €	100,00%

14(487).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO COA XESTORA DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” O, PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURAS NO AUDITORIO DURANTE O ANO 2016. EXPTE. 714/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.16, e o informe de fiscalización do 11.05.16, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo co indicado no informe da xefa de fiscalización, de data 11 de maio, procedeuse a modificar o pacto sétimo do proxecto de convenio, engadindo o texto proposto.

Por este motivo, a continuación, emítense de novo o informe-proposta:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 14 de xaneiro pasado, que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención coa empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo, para a programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o exercicio 2016, por importe de 500.000 €, e realizar un convenio con a citada empresa para regulala. Con data do Rexistro Xeral 17 de febreiro pasado, a empresa presentou solicitude de subvención e documentación administrativa correspondente.

ANTECEDENTES.-

I.- O Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de

concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

II.- A “**Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.**”, CIF A-36972560, é a adxudicataria polo Concello de Vigo e durante un prazo máximo de 60 anos, é dicir ata o 28 de outubro de 2068, segundo o contrato de concesión suscrito o 2 de maio de 2006 (modificado o 22 de outubro de 2012) da concesión de obra pública para a construción, explotación e mantemento dun Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada “Casa Mar” na Avenida de Beiramar de Vigo, e a ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente.

III.- A empresa “**Organización de Ideas de Éxito, S.L.**”, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e produción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; produción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

IV.- A empresa “**Organización de Ideas de Éxito, S.L.**”, CIF: B-27719434 ten contratada con “**Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.**” a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos en exclusividade, segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo”, S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, que figura na documentación do expediente.

V.- A empresa “**Organización de Ideas de Éxito, S.L.**” está interesada en colaborar co **Concello de Vigo** na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” durante o ano 2016, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

VI.- O **Concello de Vigo**, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais.

O exercicio desta competencia de promoción da cultura entre a comunidade veciñal pode ter lugar, ben organizando e proporcionando ao propio Municipio – directa ou indirectamente- o acceso da cidadanía ao acontecemento cultural, ou ben mediante a actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de achegas directas ou indirectas para servizos ou actividades que

complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento cuxa manifestación máis importante é a da subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como achegas económicas sen contraprestación directa da beneficiaria, suxeita á realización dun proxecto, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a promoción da cultura.

O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.0002 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), co obxecto de promover unha programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.

VII.- O Concello de Vigo e maila empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.” asinaron convenios de colaboración para regular a subvención da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado recinto para os exercicios 2014 e 2015, con resultados satisfactorios para ámbalas dúas partes.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á empresa “**Organización de Ideas de Éxito, S.L.**”, para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” para o exercicio 2016, obxecto do presente convenio, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Capacidade de “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar

En relación coa capacidade da explotadora do espazo cultural, o PCAP que regulou a concesión da obra pública, establece na súa cláusula 49, que a concesionaria explotará o obxecto da concesión a risco e ventura, pola súa parte a cláusula 50 do PCAP establece que a concesionaria unicamente poderá concertar con terceiros as prestacións accesorias relativas á conservación e explotación do obxecto do contrato. A cláusula 48 do PCAP refírese ao procedemento a seguir para a aprobación do Regulamento do Servizo que regulará a actividade do Auditorio-Pazo de Congresos desenvolvendo os extremos contidos nos pregos relativos á súa prestación pola sociedade concesionaria.

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 21/10/2011, aprobou o réxime de funcionamento do Auditorio Pazo de Congreso, expediente 3716/241. O seu artigo 2 establece que “O Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un ben inmovible municipal que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos. A súa explotación foi cedida en réxime de concesión á sociedade PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en adiante, a “Sociedade Concesionaria”) que encargárase da súa xestión e explotación para cumprir coa súa finalidade por sí ou a través de terceiros. A utilización do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” efectuarase pola Sociedade Concesionaria a través dunha empresa á que se encomendará a xestión e explota-

ción do mesmo (en adiante, a “Sociedade Xestora”). En desenvolvemento desta disposición do Regulamento do Réxime de Funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos faise ao longo do seu texto continua referencia á esta Sociedade Xestora.

O Regulamento aprobado polo órgano competente, supón o desenvolvemento e interpretación dos Pregos que rexen o contrato, polo que, queda acreditado, tal e como se deduce da Resolución do Recurso de Reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno de data 01/08/2014 que aprobou o Convenio de colaboración entre Concello de Vigo e a xestora do Auditorio do Pazo de Congresos de Vigo para a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio do Pazo de Congresos de Vigo “Mar de Vigo” durante o ano 2014, que a sociedade xestora ten as competencias reguladas polo regulamento de servizo para a explotación da zona do Auditorio, sendo a relación existente entre a concesionaria da obra pública e o xestor, un contrato privado.

En relación coa capacidade da mercantil xestora “Organización de Ideas de Exito, S.L” para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar, nos remitiriamos ao informe xurídico do Sr. Secretario de Administración Municipal de data 14 de outubro de 2014 (inclúese copia no expediente).

Competencia sobre a actividade de fomento que conforma a proposta de gasto

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, trata segundo a súa Exposición de Motivos de clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local e para elo procede a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da Lei de Bases de Réxime Local.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, publicada no DOGA o día 30 de maio de 2014 que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece no artigo 3 que regula as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación:

“O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.”

Neste suposto, o apartado cuarto establece que, con carácter previo ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da Administración competente por razón da materia, en que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

No entanto, o citado precepto establece no apartado terceiro b), que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Á vista do exposto, e tras a entrada en vigor da Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, queda determinada a competencia municipal para o exercicio das actividades de fomento que xa se veñan realizando en exercicios anteriores.

A maiores, hai que ter en conta a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local:

“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.”

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n) da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, a competencia en materia cultural, está atribuída ás Entidades Locais.

Por último, o artigo 2 apartado 1 da Lei 7/1985, redactado polo número uno do artigo primeiro da Lei 27/2013, establece que, para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito a intervir en cuantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por conseguinte, a competencia desta Administración para outorgar esta subvención artellada polo proxecto de convenio que se está a propor á Xunta de Goberno Local, está amparada na lexislación citada, ademais, por ser unha actividade de fomento cultural con amparo no artigo 25.2.m) da LBRL.

Xustificación da concesión da subvención directa

A concesión da subvención directa á empresa **“Organización de Ideas de Éxito, S.L.”** deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón o programa de actividades proposto para a cidade de Vigo
- a “exclusividade” da empresa xestora (Organización de Ideas de Éxito, S.L.) para a xestión do Auditorio “Mar de Vigo”. Esta exclusividade queda xustificada en base a que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF: B-27719434, ten contratada con “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.”, a xestión do citado recinto en “exclusividade”, segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo”, S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, que figura na documentación do expediente.

- A organización directa por parte do Concello de Vigo dos espectáculos prantexados no anexo do convenio serían sempre máis elevados que optando pola vía da subvención, xa que debería facerse fronte en cada caso ao aluguer dun espazo adecuado para a súa realización (do cal carece xa que o aforo máximo do que se disporía en recinto pechado serían as 281 prazas das que dispón o Auditorio Municipal), e ao pagamento do iva correspondente (sen embargo no pagamento da achega, a través do convenio non se inclúe o iva, tal e como se establece no pacto sétimo do convenio).

Esta condición de xestora do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, “convenio promoción cultural Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo” aplicación 3331.470.0002 (convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo), **outorgalle a condición de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senon por razón ao obxecto, e ao inmovible no que se desenvolverían as actividades.**

Polo tanto, concorre un dereito de exclusividade na xestión do contenedor cultural e ademais, unha condición de subvención nominativa, non por razón de suxeito, xa que se podería estar ante outro xestor, pero si nominativa en canto ao obxecto e ao inmovible non que se desenvolverían as actividades.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento. Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

PROGRAMA

A empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, presenta unha proposta de programación a subvencionar composta por 49 actividades artísticas e socioculturais, comprendidas no período entre o 16 de decembro de 2015 ao 15 de decembro de 2016, e que se atópan relacionadas no Anexo do convenio, xunto co seu presuposto de gastos.

O custo total destas 49 actividades subvencionadas ascende a 509.203,25 € máis 106.932,68 € en concepto do 21 % de iva, o que fai un total de 616.135,93 €; ademais, a empresa presenta o presuposto total de gastos xerais que ascende a 829.238,41 €, iva engadido (consumos eléctrica, agua, gastos de mantemento, renda, seguros, etc).

En canto aos ingresos previstos, según a información facilitada pola empresa, serían os seguintes:

- Subvención do Concello de Vigo: 500.000 €
- Previsión venda de entradas: 258.013,36 € iva incluído
- Previsión de alugueres de espazos: 196.994,05 € iva incluído
- Outros ingresos derivados da programación: 38.856,73 € iva incluído

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da empresa presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada polo seguinte:

- Proxecto de programa de actividades
- Orzamento de gastos do programa de actividades
- Orzamento de gastos xerais
- NIF do administrador único da empresa
- CIF da empresa
- Escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro

- Estatutos sociais da compañía de responsabilidade limitada, outorgados en O Porriño, ante a Notaria Dna. Mónica Alba Castro

- Contrato de arrendamento, asinado o 17 de marzo de 2014, entre a empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L." e "Sociedade Pazo de Congressos de Vigo, S.A." para a xestión do Auditorio do Pazo de Congressos en exclusividade.

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Plan de Autoprotección do recinto
- Escrito da empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", CIF: B-27719434 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" durante o exercicio 2016

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local. O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", ten como obxecto financiar a organización da programación de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o exercicio 2016, con cargo á partida 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), e a concesión dunha subvención por importe de 500.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., xestora do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Á visto do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, e cos informes favorables xurídico, de data 22 de abril, e da Intervención Xeral, de data 11 de maio, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar, según o previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a concesión directa dunha subvención por importe de 500.000 € (cincocentos mil euros) á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o periodo comprendido entre o 16 de decembro de 2015 e o 15 de decembro de 2016, ambos inclusive, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo), que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á empresa ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L., CIF B-27719434, xestora do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no citado auditorio durante o periodo comprendido entre o 16 de decembro de 2015 e o 15 de decembro de 2016, ambos inclusive.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” PARA A PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E SOCIOCULTURALS NO CITADO ESPAZO DURANTE O ANO 2016

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, don Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, na súa calidade de Administrador único da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF B-27.719.434, con enderezo social en rúa Pío XII, 10, baixo - O Porriño (Pontevedra), CP 36400, (en adiante a ENTIDADE), actuando en nome e representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente 714-330.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo, destinado principalmente ao desenvolvemento de concertos, espectáculos e representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística.

II.- Que a “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.”, CIF A-36972560, é a adxudicataria polo Concello de Vigo e durante un prazo máximo de 60 anos, é dicir ata o 28 de outubro de 2068, segundo o contrato de concesión suscrito o 2 de maio de 2006 (modificado o 22 de outubro de 2012) da concesión de obra pública para a construción, explotación e mantemento dun Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, con zonas complementarias de explotación comercial sobre a parcela denominada “Casa Mar” na Avenida de Beiramar de Vigo, e a ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente.

III.-Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, con CIF B-27719434, ten por obxecto social a representación técnica de espectáculos, a contratación e representación de actividades artísticas, deportivas e culturais, e toda a relación profesional co mundo do espectáculo, o deporte e a cultura, así como a xestión, explotación e produción de redes de telecomunicacións de información, informática, telefonía, vídeo, televisión e radio; transporte de sinal por satélite, cable, fibra óptica e/ou enerxías naturais ou industriais; produción, cinematográfica, publicacións, editoriais discográficas e xornalísticas e publicidade, segundo a escritura de constitución outorgada en O Porriño, ante a Notaria Dña. Mónica Alba Castro, presentada o 16 de outubro de 2008 no Rexistro Mercantil de Pontevedra, documento: 1/2008/10.095,0; diario: 102; asento 8590; Tomo: 3504, libro 3504; folio 10; folla: P0 46892, e que foi modificada con posterioridade na seguintes datas: 15 de setembro de 2008 nº entrada 1/2008/10.095,0; 22 de abril de 2010 nº de entrada documento 1/2010/3.277,0 e o 30 de outubro de 2014 nº documento 1/2014/10.079,0.

IV.- Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF: B-27719434 ten contratada con “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos en exclusividade, segundo resulta do contrato de arrendamento asinado o 17 de marzo de 2014, entre D. Javier Zarrabeitia Unzueta en representación da “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo”, S.A., e D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, en representación da empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, que figura na documentación do expediente 714-330.

V.- Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.” está interesada en colaborar co Concello de Vigo na programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no

Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” durante o ano 2016, co fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo.

VI.- Que o Concello de Vigo, de conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, prevé a concesión dunha subvención por importe de 500.000 € na aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 (Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo).

Faise constar que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, ten contratada con “Sociedade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” a xestión do Auditorio do Pazo de Congresos “Mar de Vigo” en exclusividade, polo que se xustifica a concesión directa da subvención, xa que non é posible a súa convocatoria pública.

Esta condición de xestora do Auditorio “Mar de Vigo” en exclusividade, xustifica a concesión directa da subvención, xa que o concepto que recolle o vixente orzamento, “convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo” aplicación 3331.470.00.02, lle outorga a condición de subvención nominativa ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senón por razón ao obxecto, e ao inmovible no que se desenvolverían as actividades.

Así mesmo, na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público.

VII.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo “Mar de Vigo” dende o 16 de decembro de 2015 ata o 15 de decembro de 2016.

VIII- Que a empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L.”, CIF: B-27719434 non está incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiaria das subvencións previstas na Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 714-330.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, o Concello de Vigo e a

empresa "Organización de Ideas de Éxito, S.L.", conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a programación e organización de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" no exercicio 2016, coa fin de apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar ao público unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

O período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será dende o 16 de decembro de 2015 ata o 15 de decembro de 2016, conforme ao programa recollido no Anexo deste convenio.

As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o acceso as mesmas será público, aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto. As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.); a tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

SEGUNDO.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ENTIDADE, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 616.135,93 €, ademais dun orzamento de gastos xerais do recinto de 829.238,41 €, IVEs engadidos. En canto aos ingresos previstos, segundo a información facilitada pola ENTIDADE, serían:

- Subvención do Concello de Vigo: 500.000 €
- Previsión venda de entradas: 258.013,36 € ive incluído
- Previsión de alugueres de espazos: 196.994,05 € ive incluído
- Outros ingresos derivados da programación: 38.856,73 € ive incluído

TERCEIRO.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Asumir todo o concernente á organización das actividades recollidas no anexo do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin. O interlocutor único ante a CONCELLERÍA por parte da ENTIDADE será, D. Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez, administrador único.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa e difundilo amplamente.

3. *Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla no pacto sexto, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.*
7. *Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
9. *Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza antes da sinatura do presente convenio.*
10. *Dar cumprimento do Plan de Autoprotección do Auditorio do Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, durante os eventos que se desenvolvan nas instalacións, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.*
11. *Comunicar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura calquera modificación que se produza no programa de actividades e/ou no seu orzamento que conforman o Anexo do convenio, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención prevista.*
12. *A ENTIDADE non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a ENTIDADE para a realización da actividade subvencionada.*

CUARTO.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- *Conceder directamente á ENTIDADE unha subvención por importe de 500.000 euros (cincocentos mil euros) para o desenvolvemento de concertos, espectáculos e*

representacións artísticas, así como a actividades de carácter sociocultural, congresos, exposicións, convencións e actividades de promoción turística no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do programa e dos seus gastos detallados no anexo do convenio.

- *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

QUINTO.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SEXTO.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando o anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMO.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da cantidade recollida no pacto cuarto deste convenio efectuarase de xeito MENSUAL, por transferencia bancaria na conta corrente con número IBAN ES75 0075 0121 62 0600400674 da entidade bancaria BANCO POPULAR, da que é titular a ENTIDADE beneficiaria. Como excepción ao anterior, o primeiro pagamento efectuarase polo período comprendido entre o 16 de decembro de 2015 e a data de sinatura do convenio, previa solicitude da ENTIDADE polo Rexistro Xeral.

A ENTIDADE terá que solicitar a través do Rexistro Xeral, o importe correspondente ao custo das actividades desenvolvidas nese período mensual, conforme a programación do anexo, acompañando a memoria parcial das actividades e a memoria parcial económica correspondente a cada período.

Posto que a realización efectiva de cada un dos pagamentos mensuais require a previa e adecuada xustificación documental, tanto da actividade subvencionada desenvolvida como dos gastos subvencionados imputados a cada período mensual de execución, cada un dos pagamentos parciais suporá a conformidade por parte do CONCELLO respecto da xustificación e liquidación parcial da axuda concedida.

A ENTIDADE, xunto coa solicitude do último pagamento, deberá presentar ademais un informe final relativo ao desenvolvemento do programa recollido no Anexo.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

A ENTIDADE deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos mensualmente, sendo o último pagamento o correspondente á primeira quincena de decembro de 2016, que terá que xustificar como límite o 19 de decembro de 2016. A tal efecto deberá presentar xunto ás solicitudes dos pagamentos mensuais, e por duplicado, o seguinte:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - ◆ Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - ◆ Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - ◆ Memoria de prensa.
 - ◆ Relación de material gráfico e de difusión, cos logotipos do Concello de Vigo.
 - ◆ Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou por unha certificación na que se acredite que

o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 16 de decembro de 2015 ata o 15 de decembro de 2016, e que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

OITAVO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

NOVENO.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRO.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEGUNDO.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A ENTIDADE está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO CUARTO.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO QUINTO.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEXTO.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento. Así mesmo, queda facultado para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades como no seu orzamento que se recollen no Anexo, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe total da subvención prevista no pacto cuarto deste convenio.

DÉCIMO SÉTIMO.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se apro

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

O concelleiro-delegado da
Área de Cultura
Cayetano Rodríguez Escudero

O administrador único de "Organización de
Ideas de Éxito, S.L
Jesús Ignacio Teijeira Rodríguez

15(488).- ANTEPROXECTO -PLAN DIRECTOR ACTUALIZADO E ADAPTADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3790/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15.05.16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

Antecedentes:

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014, aprobou o PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, coa finalidade de servir de referencia ás actuacións para a súa remodelación e modernización, e convertilo nunha referencia deportiva e turística da Cidade. Dito Plan Director recolle as actuacións previstas como necesarias aos indicados fins, agrupadas e secuenciadas de xeito ordeado para evitar retrasos e interferencias na actividade habitual da instalación deportiva.

II.- En febreiro de 2016 o redactor do Plan Director D. Pedro de la Puente presenta ANTEPROXECTO-PLAN DIRECTOR ACTUALIZADO E ADAPTADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, xustificando na necesidade da unificación e incorporación das solucións ás necesidades que teñen xurdido co desenvolvemento máis detallado das fases dos proxectos de obras.

Fundamentos técnicos e xurídicos:

I.- O anteproxecto de obras, de acordo co artigo 121 do R.D.1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RXLCAP), ten por obxecto, no caso de obras nas que concorran especiais circunstancias determinadas pola súa complexidade ou longo prazo, a redacción dun anteproxecto co alcance e contido que se estableza no acordo, sen prexuízo do establecido no propio A. 122 do RXLCAP.

II.- O citado artigo 122 do mesmo texto, establece o contido mínimo dos anteproxectos. No mesmo establécese que debe contar con:

- Unha memoria na que se expoñerán as necesidades a satisfacer (...)*
- Planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición da obra nos seus aspectos esenciais e para basear nos mesmos as medicións suficientes para a confección do orzamento.*
- Un orzamento formado por un estado de medicións de elementos compostos (...)*
- Un estudo relativo á posible descomposición do anteproxecto en proxectos parciais (...)*

III.- Con data 13 de maio de 2016 o Enxeñeiro de Edificación nomeado ao efecto, emite informe favorable do referido anteproxecto. No mesmo consta que está completo xa que contén toda a documentación requerida polo artigo 122 do RXLCAP e que será a referencia para poder desenvolver o proxecto necesario para a contratación das obras de remodelación e modernización do Estadio Municipal de Balaídos.

IV.- Competencia.- O artigo 123 do RXLCAP establece que os anteproxectos deberán ser aprobados polo órgano de contratación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCS, que adopte o seguinte ACORDO

Aprobar o ANTEPROXECTO-PLAN DIRECTOR ACTUALIZADO E ADAPTADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo en febreiro de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(489).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 06/2016. CRÉDITO EXTRAORDINARIO: "AXUDAS ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS". EXPTE. 8956/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente e pola Vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Visto o Decreto da Vicepresidenta de Urbanismo de 9 de maio de 2016, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítese o seguinte informe:

1º) O gasto que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen perxuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

2º) O importe de 49.818,00 euros destínase a seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta</u>
1510.7800000	Axudas accesibilidade nos edificios	0,00 €	49.818,00 €

3º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 49.818,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

4º) A financiación desta modificación realizarse mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cúa dotación estímase reducible sen perturbación do servizo:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Baixa</u>
1510.4800100	Axudas accesibilidade nos edificios	25.000,00 €	25.000,00 €
1510.4890000	Axudas a particulares da ITE	25.000,00 €	24.818,00 €

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe de 49.818,00 euros (modificación nº 06/2016 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, conforme ao expresado neste informe-proposta”.

Con data 13.05.16, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(490).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.